



20.-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PASOS PRIVATIVOS DE VEHÍCULOS E POR RESERVAS DE ESTACIONAMENTO EXCLUSIVO PARA A CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS

PUBLICACIÓNS:

INICIAL, BOP 30/12/89

ADAPTACIÓN A LEI 25/1998, 31/12/1998

NOVA PUBLICACIÓN COMPLETA, BOP. 27/12/2007

MODIFICACIÓN 24/12/2011

MODIFICACIÓN 29/12/2012

ULTIMA MODIFICACION 26/12/2013

Fundamento e natureza

Art. 1º- No uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo arte 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por pasos privativos de vehículos e por reservas de estacionamento exclusivo e de carga e descarga de mercadorías", que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ao previsto no art. 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de acordo co especificado nas tarifas que se recollen no artigo 12.

Feito imponible

Art. 2º- Serán obxecto desta taxa os seguintes aproveitamentos:

- a) Pasos privativos de vehículos.
- b) Reservas de estacionamento exclusivo.
- c) Reservas de estacionamento para carga e descarga de mercadorías.



Art. 3º.- A obrigación de contribuír nace dende o momento en que o aproveitamento sexa concedido, ou dende o que se inicia, se dá comezo ao mesmo sen ser antes autorizado.

O pagamento farase do seguinte modo:

a) Concesión de novos aproveitamentos: por ingreso directo na Tesoureiría Municipal, ao solicitar a licenza; procedendo a devolución en caso de que resultase denegada a licenza.

b) Aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: una vez incluídos nos padróns municipais, nas oficinas municipais de recadación, nas datas que se establezan ao efecto.

Suxeitos pasivos

Art. 4º.- 1. Están obrigados ao pagamento as persoas físicas, xurídicas, e as entidades, aínda sen personalidade, sinaladas no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a favor das que se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento se procede sen a oportuna autorización.

2. Terán a condición de substitutos dos contribuíntes os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios. Os donos dos inmobles deberán autorizar a solicitude relativa a este aproveitamento.

Responsables

Artigo 5º.- 1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quen dependa deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que están pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.



4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

Trámite e modalidades do aproveitamento

Art. 6º.- Os interesados en obter permiso municipal para pasos privativos de vehículos, e para reservas de estacionamento exclusivo e de carga e descarga de mercadorías, deberán presentar o correspondente escrito de pedimento no gabinete municipal, que será resolto pola Xunta de Goberno Local, previo informe da Policía Local.

Art. 7º.- Os permisos para pasos privativos de vehículos poderán ser de dúas clases: permanentes e con limitación do horario.

Os pasos privativos permanentes permitirán a entrada e saída de vehículos durante as vinte e catro horas do día, prohibindo o estacionamento de vehículos diante dos mesmos, incluso os da propiedade do titular.

Os pasos privativos con limitación do horario permitirán a entrada e saída de vehículos durante as horas que figuren nos correspondentes sinais indicativos, con prohibición de que nese período estacionen vehículos diante dos mesmos, mesmo os da propiedade do titular. Fíxase, con carácter xeral, como horario de uso destes pasos o que vai de 7.30 a 11 horas, e de 19 a 22 horas, e fóra destas horas a zona reservada será considerada como de aproveitamento público.

Art. 8º.- A existencia de pasos privativos de entrada e saída de vehículos comporta obriga de contar cos sinais regulamentarios, que serán subministrados en exclusiva polo Concello, sendo o seu importe por conta do peticionario.

Art. 9º.- As reservas de estacionamento exclusivo ás que se refire, o apartado c) do art. 2º desta Ordenanza tamén poderán ser de dúas clases: permanentes e con limitación de horario.

No caso de reserva temporal por obras ou outras actividades suxeitas á normativa laboral, o horario de reserva non poderá ser superior ó legalmente establecido na normativa laboral, e fóra destas horas e días a zona reservada será considerada como de aproveitamento público.

Art. 10º.- A concesión de calquera dos aproveitamentos sinalados no art. 2º desta Ordenanza será sempre discrecional por parte do Concello, que se reserva a facultade de retirala ou cancela se as necesidades do ordenamento do tránsito ou outras circunstancias da policía urbana así o aconsellan.



Art. 11º.- Todos os aproveitamentos da presente Ordenanza deberán estar convenientemente sinalados, mediante os indicativos regulamentares que han de ser adquiridos polos interesados. A falta de sinais, ou a disconformidade dos mesmos cos termos da concesión, impediránlle aos titulares o exercicio do aproveitamento, sen prexuízo das responsabilidades que lle correspondesen, e sen que iso supoña o decaemento da obriga de pagar a tarifa correspondente.

Tarifas

Art. 12º.- Os aproveitamentos obxecto desta Ordenanza estarán suxeitos ás seguintes tarifas, distribuídas en tres grupos, segundo se trate de rúas de 1ª e 2ª categoría os dous primeiros, e deixando as restantes rúas para o terceiro grupo:

Tarifa 1ª. Entrada e saída de vehículos co **paso permanente** de ata 4 m. lineais de anchura:

Tipo; modalidade; 1ª categoría; 2ª categoría; resto.

1. Almacéns, industrias e comercios: 49,19 € 33,15 € 24,59 €
2. Garaxes particulares ata 4 vehículos: 33,15 € 24,59 € 16,04 €
3. Garaxes de 5 ata 25 vehículos: 49,19 € 33,15 € 24,59 €
4. Garaxes de 26 a 50 vehículos: 65,22 € 49,19 € 33,15 €
5. Garaxes de máis de 50 vehículos : 81,27 € 65,22 € 49,19 €

6. Polo exceso de 4 m. na anchura do paso pagarase unha cota proporcional ó exceso que resulte, que será equivalente ás mesmas tarifas cunha recarga do 50 por 100.

Tarifa 2ª. Entrada e saída de vehículos co paso de **horario limitado**, de ata 4 m. lineais de anchura:

Tipo; modalidade; 1ª categoría; 2ª categoría; resto.

1. Almacéns, industrias e comercios: 24,59 € 16,04 € 11,76 €
2. Garaxes particulares ata 4 vehículos: 16,04 € 11,76 € 8,56 €
3. Garaxes de 5 ata 25 vehículos: 24,59 € 16,04 €; 11,76 €
4. Garaxes de 26 a 50 vehículos: 33,15 € 24,59 € 16,04 €.
5. Garaxes de máis de 50 vehículos: 40,63 € 33,15 € 24,59 €

6. Polo exceso de 4 m. de anchura do paso pagarase unha cota proporcional ó exceso que resulte, que será equivalente ás mesmas tarifas cunha recarga do 50 por 100.

Tarifa 3ª. Reserva de estacionamento para **carga e descarga** de mercadorías.:

Tipo; modalidade; 1ª categoría; 2ª categoría; resto.

1. De uso permanente, por metro e día: 0,498 € 0,322€ 0,166 €
2. De horario limitado, por metro e día: 0,249 € 0,114 € 0,062 €



Normas de aplicación

Art. 13º- As categorías de rúas á que se refire o art. 12º da Ordenanza será en todo caso as que resulten do correspondente cadro clasificativo que aprobe o Concello.

2. Cando un paso ou entrada de vehículos sirva comunitariamente a diferentes locais e recintos, as tarifas aplicaranse a cada un deles reducidas ó 75 por 100 do tipo impositivo.

3. As cotas serán sempre anuais, calquera que sexa a data na que se concedan e comecen o aproveitamento, ou a baixa, no seu caso, excepto as da tarifa 4ª.

4. A recadación desta taxa para a tarifa 4ª realizarase polo sistema de censo, no cal serán incluídos todos os aproveitamentos existentes, así como os que sexan obxecto de sucesivos permisos. As baixas produciranse a pedimento dos interesados, previa a oportuna comprobación, sen que poidan admitirse ata que os rebaixes nos bordos dos paseos laterais sexan repostos ó seu estado anterior. A falta de pedimento de baixa no aproveitamento implicará a súa continuidade no censo e, polo tanto, a continuidade na obriga de pagar a taxa.

Art. 14º.- Estarán exentos do pagamento da presente taxa por reserva de espazo, pero non de solicitar a correspondente licenza:

- a) Reserva de espazo para servizos públicos.
- b) Reserva de espazo para estacionamento ante organismos públicos.

Art. 15º.- Gozarán de bonificación de ata o 90 por 100 os aproveitamentos concedidos a favor de establecementos de beneficencia legalmente recoñecidos, e as reservas de estacionamento ás que se refire o apartado b) do art. 2º que soliciten institutos benéficos, tamén legalmente recoñecidos, así como outros institutos de carácter cultural ou interese público.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C